

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA DE PROBA SELECTIVA, PARA A CONTRATACIÓN POR OBRA OU SERVICIO PARA A XERENCIA POR PARTE DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE TERRA CHÁ” (GDR-2) NA EXECUCIÓN DO LEADER 2007-2013 DE GALIZA.

En virtude do acordo adoptado en Sesión Ordinaria da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá na reunión do 11-09-08, e de conformidade co Convenio asinado entre AGADER e o GDR2 o día 21/01/09 e as bases da convocatoria do Leader 2007-2013, procedese a convocar proba selectiva para contratación de persoal en rexime laboral de duración determinada (contrato de obra ou servicio), que terá como bases as seguintes.

Obxecto

A contratación terá como obxecto a dirección técnica e execución do programa que rixe ó LEADER 2007-2013.

Funcións a desempeñar

Entre outras, as funcións a desempeñar reflectese no cadro adxunto de características do posto de traballo que recolle o snrxo I.

Lugar e horario de execución.

A xornada laboral do Xerente será de 40 horas semanais.

a) O Xerente, sempre que o cumprimento das súas funcións llo permita, deberá permanecer na sede da Asociación, de luns a venres, dende as 09:00 h. ata as 11:00 horas. Durante dito horario, adicarase a atender ó público e a realizar tarefas ordinarias de administración e xestión interna da asociación.

b) O resto da xornada laboral poderá destinala a traballos externos, ligados á promoción de iniciativas e a outras actividades que lle sexan propias ó posto de traballo.

c) Calquera outra variación ou alteración temporal do horario establecido deberá ser autorizada polo Presidente.

Requisitos

Os requisitos que se precisan para esta contratación, son os recollidos no anexo de características do posto de traballo.

Ademais o seleccionado, ten que acreditar que non foi sido separado mediante expediente disciplinario do Servicio do Estado, Comunidades Autónomas ou entidades locais, nin inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, mediante declaración xurada..

Será requisito imprescindible poseer carnet de conducir tipo B

Condicións e duración

O seleccionado (aquel candidato que acade a maior puntuación), para este posto de traballo, firmará un contrato, no que a súa duración virá explicitada pola la execución do I.C. LEADER 2007-2013. ,(a data final de remate do servicio será a prevista na cláusula 13 do convenio oasinado entre AGADER e o GDR-2, sempre que a dotación orzamentaria o permita).

Configurarase unha lista de agarda cos cinco primeiros clasificados en cada categoría profesional, de forma que en caso de renuncia do seleccionado en primeiro lugar, efectuarase unha nova adxudicación ó seguinte da lista e así sucesivamente, ata o candidato que ocupe o quinto lugar na lista de puntuación. Isto mesmo rexirá si o seleccionado non superase o proceso de proba a que faga referencia o contrato asinado.

A remuneración deste posto de traballo queda fixado no salario bruto anual máximo imputable o programa de 36.000,00 euros.

Publicidade da convocatoria

A convocatoria publicárase en dous diarios de maior circulación da provincia de Lugo e dárase coñecemento da mesma ós asociados do grupo e a AGADER.

Prazo de presentación das solicitudes

Os interesados presentaran as suas solicitudes, no prazo de 10 días naturais contados desde ó seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria.

Mediante escrito dirixido ó Presidente da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá, co que achegarán fotocopia compulsada do D.N.I., así como o curriculum e documentos xustificativos dos méritos que aleguen, ben con orixinal ou ben con fotocopia compulsada. Os méritos non acreditados documentalmente non serán valorados e a falta de acreditación non será defecto subsanable.

Así mesmo a acreditación de non estar, agora ou anteriormente separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, da Comunidade Autónoma ou de Entidades locais.

As solicitudes presentaranse na oficina da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá, sita na sede da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca da Terra Chá, na Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n. Vilalba (Lugo). Ou ben por correo certificado na forma prevista na Lei 30/1992.

Selección de aspirantes

Dentro dos 15 días seguintes o de finalización do prazo de presentación de solicitudes celebrarase unha proba escrita, unha entrevista e a valoración de méritos. As datas da proba escrita e entrevista publicaranse no taboleiro de anuncios da Asociación Terra Chá e páxina web da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá (terrachanaturalmente.org)

A **proba escrita** centrarase e do Plano de Desenvolvemento Rural de Galiza, normativa de subvención galegas, regulamento FEADER, normativa legal aplicable o programa LEADER, dacordo as bases da convocaoria efectuada por AGADER,- recollida na páxina web de AGADER-, plan xeral contable, lei de asociacións e datos da análise socioeconómica e cultural do territorio de actuación do GDR-2 Terra Cha
Total de puntuación: 10 puntos

Esta proba ten a súa vez dúas fases, a primeira fase consta dun cuestionario tipo test de 10 preguntas con despostas alternativas sobre as materias arriba indicadas. A puntuación desta proba son 2,5 puntos.

E a segunda fase constará dun tema a desenvolver vinculado a estratexia de Desenvolvemento do territorio de actuación do GDR. A puntuación desta proba son 7,5 puntos.

A nota mínima esixible nas probas escritas, para poder acceder a entrevista, será de 5 puntos.

A **Entrevista** terá unha puntuación máxima de 5 puntos.e versará sobre aspectos socioeconómicos culturais e de estratexia de desenvolvemento da zona..

Como requisito imprescindible esixese poseer carnet de conducir tipo B.

Os méritos valoraranse en relación á experiencia e a formación específica vinculada con programas de Desenvolvemento rural cunha puntuación máxima de 5 puntos de acordo co seguinte baremo:

MÉRITOS	PUNTUACIÓN
Experiencia Profesional en posto similar, xestionando programas LEADER+, en entidades da comarca, por mes traballado. Ata un máximo de 4 puntos.(**)	0,1
Experiencia Profesional en posto similar, xestionando programas	0,05

LEADER+, en entidades doutras comarcas, por mes traballado. Ata un máximo de 3 puntos. (**)	
Por curso de iniciación ó galego	0,5
Por curso de perfeccionamento de galego (*)	1

(*) Son incompatibles as puntuacións do idioma galego. Si se ten o curso de perfeccionamento non computa o curso de iniciación ó galego.

(**) A puntuación da experiencia profesional en posto similar xestionando programas LEADER+, en entidades da comarca e a realizada en entidades doutras comarcas non é acumulativa.

Trala realización das probas reunirse a Comisión de selección, que valorará a proba escrita, entrevista e méritos, xustificandos polos aspirantes, e elevará ó Sr. Presidente a proposta de contratación.

Vilalba, a 9 de febreiro de 2009.

Asdo. David Díaz Losada.

Presidente da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

<i>POSTO :</i>	<i>-Xerente da iniciativa Comunitaria Leader 2007-2013</i>
<i>CATEGORÍA PROFESIONAL :</i>	<i>- Xerente</i>
<i>MODALIDADE CONTRACTUAL :</i>	<i>obra ou servizo.</i>
<i>XORNADA LABORAL</i>	<i>-Completa</i>
<i>FORMACIÓN ACADÉMICA :</i>	<i>-Licenciatura universitaria/enseñaría superior.</i>

FUNCIÓNS E TAREFAS DESTE POSTO :

a) *Efectuar, xunto co resto do equipo técnico, a labor de promoción, captación, animación, impulso de proxectos de inversión e na vertebración do tecido asociativo da poboación comarcal, maduración dos proxectos e apoio ós promotores, así como a realización das distintas mesas de iniciativas que nutrirán ó LEADER 2.007-2.013 de GALIZA de proxectos socioeconomicos.*

b) *Colaborar na implantación na Comarca dos programas de desenvolvemento local dos distintos organismos que xestione o GDR-2, en especial no LEADER 2.007-2.013.*

c) *Executar, baixo a inmediata dirección do Presidente, tódolos acordos adoptados polo xunta Directiva.*

c) *Promover, encauzar e orientar as iniciativas locais de Desenvolvemento hacia as liñas maestras propostas nom LEADER 2.007-2.013, propoñéndolas á Xunta Directiva a través do Presidente.*

d) *A xestión ordinaria da asociación, conforme ás directrices establecidas polo Presidente, en execucións dos acordos adoptados polos órganos competentes, en particular as do LEADER 2.007-2.013.*

e) Confeccionar, antes de cada exercicio económico, o anteproxecto de orzamento dos ingresos e gastos ordinarios da asociación,- en particular as do LEADER 2.007-2.013, para a súa elevación á xunta directiva a través do Presidente.

f) Presentar a xunta directiva, a través do Presidente da asociación no prazo dos seis meses seguintes á data de peche de cada exercicio económico, a seguinte documentación, con mención específica as do LEADER 2.007-2.013.

Inventario-balance que reflecta con claridade e exactitude a situación patrimonial da entidade.

- Unha memoria da xestión económica e das actividades realizadas ó longo do ano pola asociación.
- Liquidación do orzamento de ingresos e gastos do exercicio anterior.

g) Preparar baixo a dirección do Presidente , e no seu caso do Secretario, os temas a tratar nas reunións da xunta directiva ou asemblea xeral, en particular as do LEADER 2.007-2.013.

h) Asistir, con voz pero sen voto ás sesións ordinarias ou extraordinarias da Xunta Directiva do GDR-2 e dos demais órganos colexiados, cando sexa requerido por éste ou polo seu Presidente.

i) Dinamiza-los recursos cos que conta a Comarca, dacordo as directrices do programa presentado a candidatura LEADER.

j) Investiga-la dispoñibilidade de recursos susceptibles de ser utilizados pola poboación local, contando coa participación e implicación dos distintos axentes económicos e sociais.

k) Articular proxectos que sexan capaces de involucrar ós distintos axentes económicos da Comarca, en base as propostas do programa LEADER. Para iso deberá recolle-las necesidades e valores sentidos por ésta, formular obxectivos claramente avaliábles que esteñan ó alcance dos destinatarios.

l) Promove-lo desenvolvemento integrado mediante a implicación das distintas iniciativas que se poidan levar a cabo (públicas ou privadas).

m) Colaborar no deseño de iniciativas locais, conducentes a promove-lo desenvolvemento.

n) Promociona-la vida asociativa nos distintos ámbitos sectoriais, así como promover e coordinar iniciativas e accións de animación socio-cultural e de participación social que poidan contribuír ó desenvolvemento da Comarca.

o) Informar sobre axudas e subvencións promovidas polos distintos organismos públicos (tanto administracións locais, autonómicas e nacionais, coma de ámbito comunitario) e privados, co fin de poñer esta información a disposición dos distintos axentes económicos interesados en levar adiante proxectos e iniciativas de Desenvolvemento, en especial as derivadas da aplicación do programa LEADER.

p) Sensibiliza-los distintos axentes activos da Comarca sobre posibilidades de actuación a levar a cabo no ámbito da Comarca, facilitándolle a información e o asesoramento inicial que sexa necesario para materializa-lo conxunto de iniciativas establecidas, dacordo as directrices de publicidade das bases da convocatoria LEADER.

q) Propoñer e avaliar iniciativas para implementar o proxecto LEADER, dacordo as aplicacións orzamentarias do cadro de financiamento LEADER, recollido no convenio.

r) Realizar, a petición do Presidente, estudos complementarios sobre o potencial do desenvolvemento Comarcal.

s) Colaborar no impulso para a participación dos sectores económicos e sociais da Terra Chá, a través da posta en marcha das Mesas de iniciativas sectoriais creadas o amparo do programa LEADER.

t) Remitir ós Organismos correspondente, para a súa aprobación, os informes pertinentes relativos o programa LEADER, asinando aqueles documentos que esixa o manual de procedemento.

.

x) Informar, por escrito, periodicamente ó Presidente das actividades e do traballo realizado na Comarca, relativos o LEADER 2.007-2.013.

y) Actuar como técnico nas reunións das distintas Mesas de iniciativas sectoriais relativos o LEADER 2.007-2.013.

.

z) Custodia-la documentación oficial da asociación, tales como actas, libros de contas ou expedientes varios, relativos o LEADER 2.007-2.013.

.

D/Dna.....con
D.N.I....., en virtude da convocatoria para a contratación de persoal para a xestión do programa. LEADER 2007-2013, xestionada polo GDR-2 TERRA CHA.,

SOLICITA

Participar no proceso de selección do posto de da I.C. LEADER 2007-2013.

Adxuntase a seguinte documentación.

- *Documento nacional de identidade.*
- *Curriculum Vitae, cós documentos debidamente compulsados.*
- *Documento acreditativo de, non estar, nin ter estado sometido (a) a expediente disciplinario.*

En.....a.....de.....2.009.

Asdo.

A Asociación para o Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá,

ANUNCIA:

Convocatoria de Concurso-oposición para a contratación de persoal coa modalidade de contratación de persoal en rexime laboral de duración determinada (contrato de obra ou servicio) por parte da Asociación de Desenvolvemento Comarcal de Terra Chá, da execución da I.C. Leader 2007-2013.

As prazas a cubrir son :

Xerente do programa LEADER

Técnico de seguemento do programa LEADER.

Técnico de administración e contabilidade do programa LEADER.

OS PREGOS DE CONDICIÓNS atópanse para a súa consulta na sede da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, sita nas oficinas da Fundación Terra Chá en Vilalba (Lugo), C.P. 27800, Oficina Comarcal da Xunta de Galicia, Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n.

LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN: A documentación remitirase á sede da devandita Asociación no prazo de DEZ (10) DÍAS NATURAIS, contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria na prensa e devendo ter entrada no rexistro da Asociación antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación. Se a documentación, se

remite por correo, o aspirante deberá xustifica-la súa remisión anunciando a remisión da súa solicitude por fax ó número 982-512369 antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación.

Vilalba a 10 de febreiro de 2009

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN,

Asdo.: David Díaz Losada.

COMISIÓN DE SELECCIÓN.

D. David Díaz Losada, Presidente da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, para que presida esta Comisión.

Dña. Regina Polín Rodríguez, Vicepresidenta da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, como vocal

D. Armando Castosa Alvariño, secretario da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, como secretario.

D. Julio Guntín Vázquez, Tesoreiro da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, como vocal

D. Ernesto Ares Yañez, vocal da Comisión Permanente da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, como vocal. En caso de ausencia do secretario exercerá as funcións de secretario accidental.

Á Comisión de Selección de Persoal, convocará a Agader, podendo este participar a través de algún representante con voz pero sen voto.

Así mesmo, poderán asistir, a solicitude do Presidente da Comisión de Selección de Persoal especialistas que presten apoio técnico, con voz e sen voto. Proponse e aceptase a D. Jose Luis Alonso Turueño e a D Manuel Castiñeira Castiñeira, antigos responsables das iniciativas LEADER na comarca.

2) Facultar expresamente o Presidente D. David Díaz Losada, como persona habilitada para asinar os documentos vinculados a esta convocatoria e para a formalización dos correspondentes contratos de traballo

BASES QUE REXERAN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN POR OBRA OU SERVICIO PARA A CONTABILIDADE , ANALISE ECONÓMICO E FINANCEIRO E OFIMÁTICA DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN POR PARTE DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE TERRA CHÁ” (GDR-2) NA EXECUCIÓN DO LEADER 2007-2013.

En virtude do acordo adoptado en Sesión Ordinaria da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá na reunión do 11-09-08, e de conformidade co Convenio asinado entre AGADER e o GDR2 o día 21/01/09 e as bases da convocatoria do Leader 2007-2013, procedese a convocar proceso selectivo para a contratación de persoal en reximen laboral de duración determinada (contrato de obra ou servizo), que terá como bases as seguintes.

Obxecto

A contratación terá como obxecto a xestión administrativa e contable do GDR-2 Terra Chá e mais concretamente da LEADER 2007-2013.

Funcións a desempeñar

Entre outras, as funcións a desempeñar reflectese no cadro adxunto de características do posto de traballo, que recolle no anexo I.

Lugar e horario de execución.

A execución efectuarase na sede da Asociación para o Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá, sita nas oficinas da Fundación Terra Chá, na oficina comarcal da Xunta de Galicia, en Vilalba, con horario de xornada laboral de 40 horas (de 9 a 2 e de 4 a 7), debendo permanecer o traballador en dita oficina durante a duración do mesmo, debido a natureza das funcións a desenvolver, desenvolver, salvo instrucións en contra do órgano competente do GDR-2, que lle solicite flexibilidade horaria en aras de mellorar a execución do programa

Requisitos

Os requisitos que se precisan para esta contratación, son os recollidos no anexo de características do posto de traballo.

Ademais o asistente, ten que acreditar que non foi sido separado mediante expediente disciplinario do Servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou entidades locais, nin inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, mediante declaración xurada.

Será requisito imprescindible poseer carnet de conducir tipo B

Condicións e duración

O seleccionado (aquel candidato que acade a maior puntuación) para este posto de traballo, firmará un contrato, no que a súa duración virá explicitada pola la execución do LEADER 2007-2013,,,(a data final de remate do servizo será a prevista na cláusula 13 do convenio oasinado entre AGADER e o GDR-2, sempre que a dotación orzamentaria o permita).

Configurarase unha lista de agarda cos cinco primeiros clasificados en cada categoría profesional, de forma que en caso de renuncia do seleccionado en primeiro lugar, efectuarase unha nova adxudicación ó seguinte da lista e así sucesivamente, ata o candidato que ocupe o quinto lugar na lista de puntuación. Isto mesmo rexirá si o seleccionado non superase o proceso de proba a que faga referencia o contrato asinado.

A remuneración deste posto de traballo queda fixado no salario bruto anual máximo imputable o programa de 28.000,00 euros.

Publicidade da convocatoria

A convocatoria publicárase en dous diarios de maior circulación da provincia de Lugo e dárase coñecemento da mesma ós asociados do grupo e a AGADER.

Prazo de presentación das solicitudes

Os interesados presentaran as suas solicitudes, no prazo de 10 días naturais contados desde ó seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria.

Mediante escrito dirixido ó Presidente da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá, co que achegarán fotocopia compulsada do D.N.I., así como o curriculum e documentos xustificativos dos méritos que aleguen, ben con orixinal ou ben con fotocopia compulsada.

Así mesmo a acreditación de non estar, agora ou anteriormente separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, da Comunidade Autónoma ou de Entidades locais.

As solicitudes presentaranse na oficina da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá, sita na sede da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca da Terra Chá, na Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n. Vilalba (Lugo). Ou ben por correo certificado na forma prevista na Lei 30/1992.

Selección de aspirantes

Dentro dos 15 días seguintes o de finalización do prazo de presentación de solicitudes celebrarase unha proba escrita, unha entrevista e a valoración de méritos. As datas da proba escrita e entrevista publicaranse no taboleiro de anuncios da Asociación Terra Chá e páxina web da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá (terrachanaturalmente.org)

A **proba escrita** centrarase sobre a normativa de subvencións de Galicia, regulamento FEADER, plan xeral contable e datos socioeconómicos e culturais do territorio de actuación do GDR. Total de puntuación: 10 puntos.

Esta proba ten a súa vez dúas fases, a primeira fase consta dun cuestionario tipo test de 10 preguntas con despostas alternativas sobre as materias arriba indicadas. A puntuación desta proba son 2,5 puntos.

E a segunda fase constará dun tema a desenvolver vinculado a estratexia de Desenvolvemento do territorio de actuación do GDR. A puntuación desta proba son 7,5 puntos.

Será necesario conquistar unha puntuación mínima de 5 pts nestas probas escritas para ser entrevistado

A **Entrevista** terá unha puntuación máxima de 5 puntos e versará sobre aspectos socioeconómicos, culturais e de estratexia de desenvolvemento da zona..

Será requisito imprescindible poseer carnet de conducir tipo B

Os méritos valoraranse en relación á experiencia e a formación específica vinculada con programas de Desenvolvemento rural cunha puntuación máxima de 5 puntos de acordo co seguinte baremo:

MÉRITOS	PUNTUACIÓN
Experiencia Profesional en posto similar, xestionando programas LEADER+, en entidades da comarca, por mes traballado. Ata un máximo de 4 puntos.(**)	0,1
Experiencia Profesional en posto similar, xestionando programas LEADER+, en entidades doutras comarcas, por mes traballado. Ata un máximo de 3 puntos. (**)	0,05
Por curso de iniciación ó galego	0,5
Por curso de perfeccionamento de galego (*)	1

(*) Son incompatibles as puntuacións do idioma galego. Si se ten o curso de perfeccionamento non computa o curso de iniciación ó galego.

() A puntuación da experiencia profesional en posto similar xestionando programas LEADER+, en entidades da comarca e a realizada en entidades doutras comarcas non é acumulativa.**

Trala realización das probas reunirse a Comisión de selección do GDR-2, que valorará a proba escrita, entrevista e méritos, xustificandos polos aspirantes, e elevará ó Sr. Presidente a proposta de contratación.

Vilalba, a 9 de febreiro de 2009.

Asdo. David Díaz Losada.

Presidente da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá

CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

<i>POSTO :</i>	<i>-Técnico de administración e contabilidade da iniciativa Comunitaria Leader 2.007-2.013</i>
<i>CATEGORÍA PROFESIONAL :</i>	<i>Técnico de grado medio</i>
<i>MODALIDADE CONTRACTUAL :</i>	<i>- obra ou servicio.</i>
<i>XORNADA LABORAL</i>	<i>-Completa</i>
<i>FORMACIÓN ACADÉMICA :</i>	<i>-Diplomatura universitaria/enseñaría técnica.</i>

FUNCIÓN E TAREFAS DESTE POSTO :

- *Control diario da contabilidade do GDR-2.*
- *Elaboración de balances mensuais, trimestrais e anual, así como realización de informe anual de estados financeiros e da conta de resultados.*
- *Realización da proposta de ornamentos da I.C. Leader 2007-2013 e seguimento da liquidación trimestral dos mesmos*
- *Colaboración co xerente e co técnico de seguimento da I.C. Leader 2007-2013 na maduración dos proxectos*
- *Apoio técnico para a selección de proxectos e acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos.*
- *Colaboración co Técnico de seguimento na elaboración de informes da I.C. Leader 2007-2013*
- *Preparación dos Informes das Comisións de Valoracións dos Expedientes*
- *Realización de visitas ós proxectos, redacción dos informes*
- *Representar ó GDR ante os promotores das iniciativas a desenvolver*
- *Participar nas reunións, xornadas, cursos, encontros e intercambios en representación técnica do GDR*
- *Confecios dos documentos base do programa, modelos, o Baremo de valoración de Proxectos, Sistema de Normas de Xustificación de Axudas, sistema de arquivo de expedientes tanto física como informativamente.*
- *Calquer outra función de analoga natureza que lle encomende o organo competente do GDR*

D/Dña.....con
D.N.I....., en virtude da convocatoria para a contratación de persoal para o a
xestión do programa LEADER 2007-2013, xestionada pola Asociación para o desenvolvemento da
comarca da Terra Chá,(GDR-2)

SOLICITA

Participar no proceso de adxudicación do posto de traballo
.....do programa .
LEADER 2007-2013.

Adxuntase a seguinte documentación.

- *Documento nacional de identidade.*
- *Curriculum Vitae, cós documentos debidamente compulsados.*
- *Documento acreditativo de, non estar, nin ter estado sometido (a) a expediente disciplinario.*

En.....a.....de.....2.009.

Asdo.

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO, PARA A CONTRATACIÓN POR OBRA OU SERVICIO PARA O SEGUIMIENTO POR PARTE DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE TERRA CHÁ” (GDR-2) NA EXECUCIÓN DO LEADER 2007-2013 DE GALIZA.

En virtude do acordo adoptado en Sesión Ordinaria da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá na reunión do 11-09-08, e de conformidade co Convenio asinado entre AGADER e o GDR2 o día 21/01/09 e as bases da convocatoria do Leader 2007-2013, procedese a convocar PROCESO SELECTIVO, para contratación de persoal en reximen laboral de duración determinada (contrato de obra ou servicio), que terá como bases as seguintes.

Obxecto

A contratación terá como obxecto a elaboración de informes técnicos de seguimento esixidos polo convenio que rixe ó LEADER 2007-2013 de GALIZA.

Funcións a desempeñar

Entre outras, as funcións a desempeñar reflectese no cadro adxunto de características do posto de traballo,, que se recollen no anexo I.

Lugar e horario de execución.

A execución efectuarase na sede da Asociación para o Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá sita nas oficinas da Fundación Terra Chá, na oficina comarcal da Xunta de Galicia, en Vilalba, con horario de xornada laboral de 40 horas (de 9 a 2 e de 4 a 7), debendo permanecer o traballador en dita oficina durante a duración do mesmo, debido a natureza das funcións a desenvolver, salvo instrucións en contra do órgano competente do GDR2, que lle solicite flexibilidade horaria en aras de mellorar a execución do programa

Requisitos

Os requisitos que se precisan para esta contratación, son os recollidos no anexo de características do posto de traballo.

Ademais o seleccionadoe, ten que acreditar que non foi sido separado mediante expediente disciplinario do Servicio do Estado, Comunidades Autónomas ou entidades locais, nin inhabilitado para o exercicio de funcións pública, mediante declaración xurada..

Será requisito imprescindible poseer carnet de conducir tipo B

Condições e duración

O seleccionado (aquel candidato que acade a maior puntuación) para este posto de traballo, firmará un contrato, no que a súa duración virá explicitada pola la execución do I.C. LEADER 2007-2013.,(a data final de remate do servicio será a prevista na cláusula 13 do convenio oasinado entre AGADER e o GDR-2, sempre que a dotación orzamentaria o permita).

Configurarase unha lista de agarda cos cinco primeiros clasificados en cada categoría profesional, de forma que en caso de renuncia do seleccionado en primeiro lugar, efectuarase unha nova adxudicación ó seguinte da lista e así sucesivamente, ata o candidato que ocupe o quinto lugar na lista de puntuación. Isto mesmo rexirá si o seleccionado non superase o proceso de proba a que faga referencia o contrato asinado.

A remuneración deste posto de traballo queda fixado no salario bruto anual máximo imputable o programa de 18.000,00 euros.

Publicidade da convocatoria

A convocatoria publicárase en dous diarios de maior circulación da provincia de Lugo e dárase coñecemento da mesma ós asociados do grupo e a AGADER.

Prazo de presentación das solicitudes

Os interesados presentaran as suas solicitudes, no prazo de 10 días naturais contados desde ó seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria.

Mediante escrito dirixido ó Presidente da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá, co que achegarán fotocopia compulsada do D.N.I., así como o curriculum e documentos xustificativos dos méritos que aleguen, ben con orixinal ou ben con fotocopia compulsada..Os méritos non aceditados documentalmente non serán valorados e a falla de documentación non será defecto subsanable.

Así mesmo a acreditación de non estar, agora ou anteriormente separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, da Comunidade Autónoma ou de Entidades locais.

As solicitudes presentaranse na oficina da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá, sita na sede da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca da Terra Chá, na Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n. Vilalba (Lugo). Ou ben por correo certificado na forma prevista na Lei 30/1992.

Selección de aspirantes

Dentro dos 15 días seguintes o de finalización do prazo de presentación de solicitudes celebrarase unha proba escrita, unha entrevista e a valoración de méritos. As datas da proba escrita e entrevista publicaranse no taboleiro de anuncios da Asociación Terra Chá e páxina web da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá (terrachanaturalmente.org)

A **proba escrita**, normativa aplicable ó programa LEADER 2.007-2.013 (según criterio de AGADER, recollida na páxina web de AGADER-, e datos socioeconómicos e culturais do territorio de actuación do GDR-2 Terra Chá.. Total de puntuación: 10 puntos.

Esta proba ten a súa vez dúas fases, a primeira fase consta dun cuestionario tipo test de 10 preguntas con despostas alternativas sobre as materias arriba indicadas. A puntuación desta proba son 2,5 puntos.

E a segunda fase constará dun tema a desenvolver vinculado a estratexia de Desenvolvemento do territorio de actuación do GDR-2 Terra Chá. A puntuación desta proba son 7,5 puntos.

A puntuación mínima esixible, na sprobas escritas, para pasar a entrevista é de 5 puntos.

A **Entrevista** terá unha puntuación máxima de 5 puntos e versará sobre aspectos socioeconómicos, culturais e de estratexia de desenvolvimento da zona..

Os méritos valoraranse en relación á experiencia e a formación específica vinculada con programas de Desenvolvemento rural cunha puntuación máxima de 5 puntos de acordo co seguinte baremo:

MÉRITOS	PUNTUACIÓN
Experiencia Profesional en posto similar, xestionando programas LEADER+, en entidades da comarca, por mes traballado. Ata un máximo de 4 puntos.(**)	0,1
Experiencia Profesional en posto similar, xestionando programas LEADER+, en entidades doutras comarcas, por mes traballado. Ata un máximo de 3 puntos. (**)	0,05
Por curso de iniciación ó galego	0,5
Por curso de perfeccionamento de galego (*)	1

(*) Son incompatibles as puntuacións do idioma galego. Si se ten o curso de perfeccionamento non computa o curso de iniciación ó galego.

(**) A puntuación da experiencia profesional en posto similar xestionando programas LEADER+, en entidades da comarca e a realizada en entidades doutras comarcas non é acumulativa.

Trala realización das probas reunirase a Comisión de Selección, que valorará a proba escrita, entrevista e méritos, xustificados polos aspirantes, e elevará ó Sr. Presidente a proposta de contratación, para aquel aspirante que logre a maior puntuación..

Vilalba, a 9 de febreiro de 2009.

Asdo. David Díaz Losada.
Presidente da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

POSTO :	-Técnico de seguimento da iniciativa Comunitaria Leader 2007-2013
CATEGORÍA PROFESIONAL :	- administrativo
MODALIDADE CONTRACTUAL :	obra ou servizo.
XORNADA LABORAL	-Completa
FORMACIÓN ACADÉMICA :	-Bacharelato / F.P.2.administrativo

FUNCIÓN E TAREFAS DESTE POSTO :

- *Control diario de entrada e saída de documentos externos/internos do LEADER 2.007-2.013 de GALIZA..*
- *Elaboración de informes da I.C. LEADER 2007-2013 relativos ó grao de execución do programa, así como do grao de realización de todos e cada un dos expedientes do LEADER 2007-2013.*
- *Codificación e organización da documentación a enviar ós organismos xerais de dirección e control do do LEADER 2.007-2.013 de GALIZA..*
- *Colaboración co Técnico de administración e contabilidade na xestión financeira-contable da I.C. Leader 2007-2013*
- *Colaboración co técnico de administración na atención de demandas de información e recepción de chamadas telefónicas.*
- *Calquer outra función de análoga natureza, que lle encomende o órgano correspondente do GDR-2, relacionada co LEADER 2.007-2.013 de GALIZA..*
- *Colaboración co resto do equipo técnico na elaboración de informes para a selección de proxectos.*

- *Colaboración co resto do equipo técnico na labor de promoción, captación, animación, impulso de proxectos de inversión e na vertebración do tecido asociativo da poboación comarcal, maduración dos proxectos e apoio ós promotores, así como a realización das distintas mesas de iniciativas que nutrirán a iniciativa de proxectos socioeconomicos.*

modelo de solicitude

D/Dna.....con
D.N.I....., en virtude da convocatoria para a contratación de persoal para o control de seguimento do programa. LEADER 2007-2013, xestionada pola Asociación de desenvolvemento da comarca da Terra Chá,

SOLICITA

Participar no proceso de selección do posto de traballo de técnico de seguimento do programa LEADER 2007-2013.

Adxuntase a seguinte documentación.

- Documento nacional de identidade.
- Curriculum Vitae, cós documentos debidamente compulsados.
- Documento acreditativo de, non estar, nin ter estado sometido (a) a expediente disciplinario.
- Outros.

En.....a.....de.....2.009.

Asdo.